

CURSO: VOLUNTARIADO E EMERXENCIAS: PRIMEIROS AUXILIOS

CUESTIONARIO MÓDULO I: FUNDAMENTOS DE URXENCIA E EMERXENCIA

1. Unha emerxencia é:

Unha situación de saúde que se presenta de forma repentina e unha situación de saúde que leva implícito risco para a vida.

2. Unha urxencia é:

Unha situación de saúde que se presenta pouco a pouco e require asistencia médica nun poeríodo de tempo razoable (2-3h).

3. Son situacións de urxencia:

A urxencia real e a urxencia figurada

4. Prestar uns primeiros coidados a un accidentado ou enfermo repentino, no lugar dos feitos, ata a chegada de persoal especializado que complete la asistencia, denomínase:

Primeiros Auxilios

5. Son consecuencias da mala concepción da urxencia:

Todas son correctas (Masificación innecesaria dos servizos de urxencia; enlenteceamento da atención ó paciente; aumento do número de probas, exploracións etc)

6. Dentro das diferenzas entre urxencia e emerxencia, encontramos:

Todas son falsas (Na urxencia existe risco vital inminente;na emerxencia non hai participación dos equipos sanitarios; na emerxencia a coordinación non é indispensable)

7. A OMS (organización mundial da saúde) define a emerxencia como:

Caso no que a falta de asistencia conduciría á morte en minutos e que a aplicación de primeiros auxilios por calquera persoa é de primordial importancia

8. Urxencia real é aquela afección que cumpra a premura de vida ou as funcións da persoa de maneira inmediata

Verdadeiro

9. Unha consecuencia dunha mala concepción de urxencia é:

Aumento do número de probas, exploracións etc

10. Urxencia figurada é aquela na que a causa non está motivada por unha afección banal

Falso

CUESTIONARIO MÓDULO II.: ACTUACIÓN BÁSICAS. FUNDAMENTOS

1. Os primeiros coidados a un accidentado ou enfermo repentino, no lugar dos feitos, ata a chegada de persoal especializado que complete la asistencia, denomínanse:

Todas son correctas (Primeiros coidados, primeiros auxilios, socorrismo)

2. Dentro dos obxetivos dos primeiros auxilios, encontramos:

Todas son correctas (Asegurar o mantemento da vida (constantes vitais: consciencia, respiración e pulso); Non agravar o estado da vítima (só facer o que estamos seguros que podemos facer); Asegurar ou preparar o seu traslado a un centro sanitario en condicións adecuadas)

3. O plan de actuación ante calquer emerxencia, consiste en:

Todas son correctas (Avaliar a situación, asegurar a zona e socorrer; avaliar a situación, gritar e pedir axuda; avaliar a situación, gritar e socorrer)

4. Antes de actuar é primordial:

Todas son correctas (Controlar as emoción e tomarse un breve tempo para pensar; evitar o perigo; non debemos precipitarnos en unha situación de risco potencial)

5. Relacionado cas prioridades na asistencia:

Todas son correctas (Ó avaliar a situación debemos observar o sucedido con rapidez e calma e buscar perigos potenciais tanto para o socorrista como para a vítima; cando aseguramos a zona debemos protexer á vítima e ser consciente das limitación; ó socorrer examinaremos a todas as vítimas e determinaremos prioridades)

6. Cando socorremos a unha vítima:

Valoraremos toda a escena para tratar primeiro a aquelas vítimas con risco vital.

7. Antes de asegurar a zona:

Debemos observar o sucedido con calma pero o máis rápido posible

8. Pasos a seguir son ante unha emerxencia:

Todas son correctas (Avaliar a situación; socorrer; asegurar a zona)

9. Antes de actuar é primordial controlar as emocións e tomarse un longo tempo para pensar.

Falso.

10. É importante comprobar de inmediato si se pideu asistencia sanitaria ou de outros servicios de emerxencia.

Verdadeiro.



CUESTIONARIO MÓDULO III: Soporte Vital Básico; RCP e Obstrución da vía aérea

1. A interrupción brusca, inesperada e potencialmente reversible da respiración e da circulación espontáneas, denomínase:

PCR (parada cardiorespiratoria)

2. Unha vez valorada a conciencia da vítima, si non responde:

Gritar pedindo axuda, abrir a vía aérea despois de poñelo sobre a súa espalda

3. Cando a vítima non pode falar, intenta tusir pero non pode, non pode falar ou respira con dificultade e incluso pode chegar a perdela conciencia, decimos que sofre:

Obstrución severa da vía aérea

4. A pauta de actuación da obstrución severa da vía aérea, consiste en:

Todas son correctas (Animar a tusir; 5 golpes na espalda + 5 compresións abdominais; iniciar RCP, cada vez que se abra a vía aérea revisar a boca en busca de algún corpo extraño)

5. En canto á posición de recuperación:

A cadeira e o xeonllo deben estar en ángulo recto

6. O máis importante das compresións torácicas:

Todas son correctas (Poñer o talón da man no centro do tórax de vítima; colocarse en vertical sobre o tórax da vítima cos brazos rectos; presionar; fundir o esternón 4-5 cm Soltar tras cada compresión Frecuencia 100/minuto)

7. Cando a vítima teña un corpo extraño na cavidade oral:

Intentaremos quitalo só si pode verse

8. Na parada respiratoria:

Cesa a respiración, persisten latidos

9. Tras 30 compresións abrir a vía aérea:

Todas son correctas (Pinzar o nariz co polgar e índice da man que está sobre a fronte; facer unha inspiración; colocar os beizos ó redor dos da vítima e soplar uniformemente un segundo ata que o tórax se eleve como nunha respiración normal)

10. Se camiñando pola rúa atopamos unha persoa tendida no chan, o primeiro que debemos facer, é:

Comprobar a inconsciencia



CUESTIONARIO MÓDULO IV: RCP pediátrica

1. Dentro do algoritmo da RCP pediátrica:

Se non respira debemos dar 5 respiracións de rescate antes de iniciar a RPC

2. A apertura da vía aérea pediátrica consiste en:

Todas son correctas (Debemos realizar a apertura da vía aérea nos nenos igual que nos adultos tendo en conta a idade do neno; Faremos manobra frente-mentón cun só dedo no mentón para lactantes; Faremos manobra frente-mentón con dous-tres dedos no mentón para nenos pequenos)

3. Deberemos comprobar a circulación do seguinte modo:

Non debe durar máis de 10 segundos

4. En relación o masaxe cardíaco pediátrico:

Todas son correctas (No recém nacido realizarase cos dous dedos pulgares no centro do tórax; No lactante realizarase co dedo índice e corazón no centro do tórax; No neno realizarase co talón dunha soa man no centro de tórax)

5. Si un neno de dous anos de repente queda inconsciente, despois de gritar pedindo axuda e de abrir a vía aérea:

Damos 5 ventilacións de rescate

6. A masaxe cardíaca pediátrica:

Recen nacido; dedo índice e corazón no centro do tórax

7. Relacionado ca ventilación pediátrica:

En lactantes debemos ventilar boca a boca nariz, empregando entre 1 e 15 segundos en cada ventilación

8. As causas da PCR pediátrica en nenos sans:

Todas son correctas (Síndrome de morte súbita en nenos menores de un ano; Accidentes en nenos maiores de un ano)

9. Debemos realizar a apertura da vía aérea nos nenos igual que nos adultos

Verdadeiro

10. Se hai signos de circulación, comezaremos coas compresións torácicas combinándoas coas respiracións de rescate

Falso



CUESTIONARIOS MÓDULO V: Traumatismos e Politraumatismos

1. A lesión orixinada pola acción violenta dun instrumento que choca directamente contra o organismo, na que a pel non queda afectada pero si os tecidos por debaixo dela, denomínase:

Contusión

2. A lesión orixinada por un axente externo, físico ou químico, denomínase:

Traumatismo

3. A lesión na que se rompe a continuidade da pel ou das mucosas e si é mais grave tamén a dos órganos internos:

Ferida

4. A lesión que se produce cando os fragmentos óseos ó desprazarse rompen a pel e causan unha ferida que permite ver ditos fragmentos, denomínase:

Fractura aberta

5. A contusión diferénciase da ferida en :

Non se produce rotura da pel e poden ocultar lesións internas

6. A pauta de actuación ante unha ferida, consiste en:

Todas son correctas (Limpar ben a ferida; extraendo corpos estranos que sexan facilmente visibles; Si se pode debemos desinfectar a ferida; Si fose posible debemos tapala con gasa estériles e si non con un pano o máis limpo posible)

7. Son “signos” indicativos de fracturas:

Deformidade local, calor, enrojecemento e inchazón

8. Unha queimadura é:

Un traumatismo químico

9. Unha fractura é a rotura dun oso:

Verdadeiro

10. Ante unha ferida, debemos:

Todas son correctas (Conter a hemorraxia; Evitar a infección)



CUESTIONARIO MÓDULO VI: Socorrismo Pautas de actuación

1. A regra de ouro do socorrista é:

Non facer máis dano

2. Entre as responsabilidades do socorrista encóntranse;

Todas son correctas (Avaliar a situación con rapidez e seguridade e solicitala axuda adecuada; Identificar, dentro do posible, a lesión ou a natureza da enfermidade que afecta a unha vítima Previr, sempre que sexa posible a infección cruzada entre a vítima e o socorrista)

3. Cando atendemos a unha vítima, podemos crear un ambiente de confianza e seguridade si:

Todas son correctas (Mantemos baixo control tanto o problema como as súas reaccións; Actuamos con calma e sentido común; Somos amables pero firmes)

4. As crises convulsivas;

Todos son criterios de crises convulsivas

5. A crise complexa ou atípica, caracterízase por:

Soe repetirse varias veces no mesmo día

6. Durante a crise debemos:

Todas son correctas (Mantélo deitado e protexer a cabeza con algún obxecto brando; Introducirlle algún obxecto brando na boca; Afroxarlle as vestimentas: cuello e cintura)

7. Ante calquera tipo de crise convulsiva:

Todas son correctas (Non dar comidas nin bebidas; Non meter os dedos na boca da vítima; Non intentar levantar durante a crise)

8. Toda vítima necesita sentirse segura e en mans firmes

Verdadeiro

9. Todas as persoas que convulsionan son epilépticas

Falso

10. Organizar a evacuación dos feridos a un centro sanitario ou ós seus domicilios segundo sexa necesario é unha das responsabilidades dun socorrista

Verdadeiro

CUESTIONARIO MÓDULO VII: Feridas e Hemorragias

1. Calquera escape de sangue, visible ou non, de orixe traumática ou non, que se presenta como unha manifestación clínica sempre alarmante, denominámola;

Hemorragia

2. A saída de sangue pola cavidade oral, procedente do aparato dixestivo, denomínase:

Hematemesis

3. A expulsión de heces negras, brillantes que conteñen sangue, é un sangue vello que permaneceu como mínimo 8 horas no aparato dixestivo denomínase:

Melenas

4. Ante calquera hemorragia externa debemos:

Todas son correctas (Buscar unha hemorragia externa, a veces oculta pola roupa, parándoa mediante compresión; Arroupar ó accidentado evitando calquera movemento e avisar ó 061; Co ferido tendido facer compresión local no punto sangrante, cos dedos ou ca palma da man, en función da extensión da ferida)

5. Cando nos encontramos unha hemorragia con un cristal incrustado, debemos:

Todas son correctas (Premer con firmeza ambos lados do obxecto incrustado para xuntar os bordes da ferida; Si está nunha extremidade, manter a ferida por encima do nivel do corazón para reducir a perda de sangue; Axudar á vítima a tombarse sobre unha manta, si a hai, para protexela do frío Si se sospeita de que pode sufrir un shock)

6. Ante unha epístasis;

Todas son correctas (Pedir á vítima que se sente Inclinar a cabeza cara adiante para permitir o drenaxe do sangue; Indicar que debe respirar pola boca (ademais resulta calmante) e pinzar a parte branda do nariz; Tras 10 minutos, liberar a presión, si a hemorragia no se detivo, pinzar outros 10 minutos)

7. Ferida contusa:

As forzas desgarradoras ou aplastantes provocan laceracións

8. A expulsión de sangue vermella e brillante (sangue fresca) polo ano, soa ou mesturada con heces, denomínase:

Rectoirragia

9. Tipos de hemorragias:

Todas son correctas (Arterial; Venosa; Capilar)

10. Acumulación de sangue entre as capas da pel e o tecido celular subcutáneo é:

Equimosis

CUESTIONARIO MÓDULO VIII: Queimaduras

1. A pel:

Todas son características da pel

2. Ante unha queimadura debemos avaliar:

Todas son correctas (A extensión da queimadura indica a probabilidade de que a vítima sufra un shock; En queimaduras moi extensas, a perda de líquidos pode ser importante e o risco de shock é alto; O risco de infección)

3. As queimaduras que afectan tanto á epidermes como á derme, aparecen bochas exudativas e son dolorosas son;

Queimaduras de segundo grao superficiais

4. Nas queimaduras leves:

Pasado un tempo poden producir ampolas

5. Nas queimaduras graves:

Todas son correctas (Debemos ter moitísimo coidado cando tratemos queimaduras extensas ou profundas; Canto máis dure a causa, maior será o dano; Si a vítima se queimou nun incendio, hai que supoñer que tamén ten danado o aparato respiratorio)

6. Dentro dos obxectivos das actuacións ante queimaduras, encontramos:

Manter a vía aérea despexada

7. Ante calquera queimadura é moi importante:

Todas son correctas (Non quitar nada adherido á queimadura; Non reventar ampolas; Non aplicar locións, pomadas, nin cremas)

8. Se a pel está danada por unha queimadura, é posible que poida seguir cumprindo a súa función de barreira

Falso

9. Pautas de actuación ante as queimaduras graves:

Evitar que a zona queimada quede en contacto co chan

10. As queimaduras de primeiro grado afectan á capa máis superficial da pel

Verdadeiro



CUESTIONARIO MÓDULO IX: Intoxicacións

1. Unha manifestación clínica de efecto nocivo resultante da presenza dunha sustancia tóxica no organismo, denomínase:

Intoxicación

2. Unha intoxicación pode producirse por:

Todas son correctas (Vía respiratoria; inhalación de gases tóxicos; A través da pel; por absorción ou contacto con plaguicidas, insecticidas, plantas, árbores, etc; Por vía dixestiva; por inxestión de alimentos en descomposición, sustancias cáusticas e medicamentos)

3. Ante unha intoxicación por picadura de insecto;

Todas son correctas (Tranquilizar á vítima; Si o agullón é visible, quitalo ou arrancalo con pinzas, con coidado de non presionalo xa que a presión podería inxectar máis veneno; Elevar a zona afectada, si é posible, e aplicar unha bolsa con xeo ou unha compresa fría durante polo menos 10 minutos)

4. O máis importante dos agullóns na boca ou na garganta é:

Existe risco de que se produza inflamación dos tecidos da boca e/ou garganta, provocando bloqueo da vía aérea

5. Os obxectivos de calquera picadura ou mordedura son;

Todas son correctas (Axudar á vítima a tombarse ou sentarse; Tranquilizala; Comprobar a consciencia)

6. O máis importante dos envelenamentos é:

Non inducir ó vómito

7. Son síntomas da mordedura da “serpente cascabel”:

Todas son correctas (Sangrado, dificultade respiratoria e visión borrosa; Párpado caído, náuseas, vómitos e entumecemento; Dor no sitio da picadura, parálises, pulso rápido, cambios na cor da pel)

8. Ante un envelenamento se a vítima está consciente intentar descubrir o produto inxerido e intentar tranquilizala

Verdadeiro

9 Un envelenamento é o conxunto de trastornos que derivan do abuso de fármacos

Verdadeiro

10. As mordeduras da serpe cascabel non doen inmediatamente

Falso